

SELECCIÓN DE LIBROS PARA O NADAL 2009



Mil cousas poden pasar

AUTOR: **JACOBO FERNÁNDEZ SERRANO**
Ed. Xerais

Unha sucesión de situacións imaxinativas e disparatadas na cidade de Nil, onde todo é posible. Pequenas (ou grandes) historias das personaxes que habitan esa cidade, forman un universo que non recorre a tópicos anteriores da literatura infantil.



Os cinco narradores de Bagdag

TEXTO: **FABIEN VEHLMANN**
ILUSTRACIÓN: **FRANTZ DUCHAZE-AU**
Factoria K

As peripecias de cinco contadores de historias, afeitos na procura do mellor conto do mundo, para gañar o reto proposto polo Califa de Bagdad e con el, acadar sona e riquezas

Lendas de Leonardo da Vinci

TEXTO: **LEONARDO DA VINCI**
ILUSTRACIÓN: **ROSSANA CASANO**
Ed. Do Cumio


Un libro sobre valores fermosos e positivos .



Cantos da rula

AUTORA: **CONCHA BLANCO**
Ed. Do Castro

Poesía para ler e rler. Contrarios, adiviñas... textos para aprender de memoria e gozar en familia.



Ceip. Milladoiro
Malpica
<http://bemilladoiro.blogspot.com>

Ceip. Milladoiro
Nadal 2009

A nosa selección de Lecturas para disfrutar e agasallar:

Ás veces un libro emociónanos dun xeito especial. Gústanos tocalo, as ilustracións énchenos os ollos de beleza ... e cando o lemos... é entón cando estala dentro do noso peito coma cristaliños refrescantes.

Cando rematamos de lelo provócanos novos pensamentos e sentimentos, indúcenos a outras lecturas e cando pasa o tempo volve unha e outra vez ó noso recordo facendo que o busquemos de cando en vez para volvernos deleitar.



Estamos daquela ante...

...Un libro redondo!!!

Nota: os **LIBROS REDONDOS** non teñen idade.



Miki


TEXTO E ILUSTRACIÓN: **STEPHEN MACKAY**
Ed. Beascoa

Unha historia maravillosa de como no lugar máis frío pode haber maxia, calor e amizade.
Unha viaxe extraordinaria por un mundo de soño.

FIZ, o coleccionista de medos

TEXTO: **CASALDERREY, FINA**
ILUSTRACIÓN: **TERESA LIMA**
OQO editora

Imos expresar sentimentos e, mesmo a aqueles que menos nos gustan, ímoslles tirar proveito.
Unha historia de positividade



Nacer

TEXTO: **XULIO GUTIERREZ**
ILUSTRACIÓN: **NICOLÁS FERNÁNDEZ**
Factoria K

Selecciona unha serie de animais e ofrece de cada un un volume de información ben dosificada sobre as súas características, localización e costumes, centrándose na súa forma de chegar ao mundo, isto é, de nacer.



O meu pequeno animalario



BAÍA Edicións
Catro títulos na colección

Saber científico para pequenos. Satisface a curiosidade e estimula a saber máis. Unha fermosa maneira de preparar os homes e mulleres reflexivos de mañá.

Caderno de animalista

TEXTO: **ANTÓN FORTES**
ILUSTRACIÓN: **MAURIZIO QUARELLO**
OQO Editora

Magritte, Botero, Klee, Mondrian, Brancusi... Stein, Joyce, Curros... teñen unha débeda con este Caderno. Pintura e literatura fronte a unha fauna diversa para achegarnos ó mundo da arte con outra mirada.



A dama da luz

TEXTO: **AGUSTÍN FDEZ. PAZ**
ILUSTRACIÓN: **JORGE MAGUTIS**
Ed. Xerais

Un avó que fala coa súa neta e tenta transmitirle a comprensión e entendemento sobre o mundo. Unha historia para ler e reler.